

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE *EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDIOVISUAL*  
1º, 2º e 4º curso  
Educación Secundaria Obligatoria

María José Lanza López<sup>1</sup>

Andrés Gerardo Nieto Barbeito, JD.<sup>2</sup>

(Curso académico: 2020-2021)

Departamento de *Debuxo*  
IES SOFÍA CASANOVA.

<sup>1</sup>[mlanza@edu.xunta.es](mailto:mlanza@edu.xunta.es)

<sup>2</sup>[anb@edu.xunta.es](mailto:anb@edu.xunta.es)



Profesorado do departamento que imparte esta programación:


María José Lanza López,

1º EPVeA

3º EPVeA



Fdo.: María José Lanza López



Fdo.: Andrés Gerardo Nieto Barbeito

Ferrol, a 7 de outubro de 2020.



# Índice Xeral

<b>Introducción</b>	<b>v</b>
<b>1 Finalidade e obxectivos xerais da EPVeA</b>	<b>1</b>
1.1. Obxectivos xerais da Educación Secundaria Obligatoria . . . . .	1
1.2. Obxetivos xerais da Educación Plástica Visual e Audiovisual . . . . .	1
<b>2 Metodoloxía</b>	<b>3</b>
2.1. Consideracións metodolóxicas . . . . .	3
2.2. Metodoloxía de traballo na ensinanza a distancia. . . . .	4
2.3. Tratamento da diversidade. . . . .	4
<b>3 Contidos curriculares. Organización dos contidos</b>	<b>5</b>
<b>4 Contidos, estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación de EPVeA</b>	<b>7</b>
4.1. Secuenciación dos contidos de EPVeA - 1ºESO . . . . .	7
4.2. Secuenciación dos contidos de EPVeA - 3ºESO . . . . .	12
4.3. Secuenciación dos contidos de EPVeA-4ºESO . . . . .	16
<b>5 Medios didácticos e material de apoio</b>	<b>21</b>
5.1. Libros de texto e material en formato electrónico . . . . .	21
5.2. Actividades complementarias . . . . .	21
<b>6 Avaliación e recuperación</b>	<b>23</b>
6.1. Procedementos e instrumentos de avaliación . . . . .	24
6.2. Cadro de criterios de avaliación . . . . .	24
6.3. Indicadores de logro. Superación dos estándares de aprendizaxe . . . . .	26
6.4. Tratamento da diversidade. Coñecementos previos . . . . .	26
6.5. Recuperación de materia pendente . . . . .	26
6.6. Criterios de cualificación. Coñecementos mínimos esixibles para unha avaliación positiva . . . . .	26
6.7. Avaliación da programación . . . . .	27
6.8. Ponderación na avaliación das competencias clave . . . . .	27
<b>A Criterios para a organización da docencia non presencial</b>	<b>29</b>
A.1. Aprendizaxes imprescindíbeis . . . . .	29
A.2. Procedementos e instrumentos de avaliación para a docencia non presencial . . . . .	30
A.3. Criterios de cualificación. Coñecementos mínimos. . . . .	30
A.4. Avaliación inicial. Tratamento da diversidade. . . . .	31



## Introducción e contextualización

Se noutras épocas históricas era a palabra, tanto na súa expresión oral como escrita, a principal forma de expresión e de transmisión de ideas e de sentimentos, non cabe dúbida de que na época na que estamos inmersos a imaxe cobrou un protagonismo sen precedentes en ningunha outra época da historia da humanidade.

A materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual parte dos bloques impartidos na educación primaria na área de Educación Artística. A parte destinada á educación plástica xa anticipaba os mesmos bloques dos que parte a materia na *ESO*, baixo as denominacións de “Educación Audiovisual”, “Debuxo Técnico” e “Expresión Artística”.

Nos tres primeiros cursos da *ESO* esta materia estrutúrase en tres bloques: “Expresión Plástica”, “Comunicación audiovisual” e “Debuxo técnico”. En cuarto da *ESO* os bloques nos que se estrutura a materia son: “Expresión Plástica”, “Debuxo técnico”, “Fundamentos do deseño” e “Linguaxe audiovisual e multimedia”.

O bloque “Expresión plástica” experimenta con materias e técnicas diversas na aprendizaxe do proceso de creación. Inténtase darlle ao alumnado unha maior autonomía na creación de obras persoais, axudándolle a planificar mellor os pasos na realización de proxectos artísticos, tanto propios coma colectivos.

Analízanse as características da linguaxe visual desde a cal se realiza a análise crítica das imaxes que nos rodean. Faise, tamén, especial fincapé no uso das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas á imaxe.

No bloque titulado “Debuxo técnico” trasládanse coñecementos teórico-prácticos sobre formas xeométricas e sistemas de representación, e aplícanse estes coñecementos a resolución de problemas e á realización de deseños.

No cuarto curso, considerando a madureza do alumnado e os coñecementos adquiridos, incorpórase o bloque de “Fundamentos do deseño”, que vai permitir o coñecemento dos fundamentos do deseño nas súas diferentes áreas, desenvolvendo, desde un punto de vista práctico, os coñecementos adquiridos no resto dos bloques.





# Finalidade e obxectivos xerais da EPVeA na ESO

A Educación Plástica Visual e Audiovisual ten como finalidade desenvolver as capacidades do alumnado no aprecio, análise, expresión ou creación, e espírito crítico no ámbito das artes visuais ou naqueles ámbitos nos que o compoñente gráfico ou plástico ten importancia. Por outra banda, a expansión e universalización dos medios de comunicación de masas fai mais pertinente que nunca o coñecemento da mecánica no uso da imaxe nos distintos ámbitos, do seu significado na nosa vida cotiá, así como a consideración dos novos ámbitos visuais pola súa potencialidade.

### 1.1. Obxectivos xerais da Educación Secundaria Obligatoria

O *DECRETO 86/2015*, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, define de maneira específica, no seu **Artigo 10** (Título I, Capítulo I) as capacidades que o a Educación secundaria Obligatoria axudará a desenvolver e os seus propósitos.

### 1.2. Obxetivos xerais da Educación Plástica Visual e Audiovisual

A Educación Plástica Visual e Audiovisual, na etapa da *ESO* contribuirá a que os alumnos e alumnas adquiren as capacidades seguintes:

- a) Recoñecer a importancia da imaxe nos medios de comunicación de masas, a súa influencia no pensamento social, e actuar de modo crítico ante as mensaxes visuais.
- b) Valorar a expresión plástica como medio de expresión artística de sociedades e culturas diferentes. Apreciar a como un xeito de entendemento entre pobos, valorando a súa similitudes e diferencias.
- c) Recoñecer, comprender e valorar as manifestacións da cultura galega, apreciando o patrimonio cultural e contribuíndo a súa conservación e mellora.
- d) Sensibilizar ao alumnado ante o disfrute artístico e acadar os recursos suficientes para apreciar as diferentes representacións artísticas.
- e) Adquirir e empregar con precisión a terminoloxía específica da linguaxe plástica e visual.
- f) Desenvolver o pensamento lóxico e matemático na resolución do proceso creativo aplicado á representación de formas e espazos mediante o emprego das proporcións e a perspectiva.
- g) Expresarse con creatividade, utilizando as diversas ferramentas e técnicas plásticas e visuais, relacionándoas coas outras linguaxes e aplicando nas súas creacións as tecnoloxías da información e da comunicación máis adecuadas.
- h) Utilizar a linguaxe plástica para expresar emocións e sentimentos, vivencias e ideas, contribuíndo a comunicación, reflexión crítica e respecto entre as persoas.

- i)* Planificar e reflexionar, de forma individual ou colectiva, sobre o proceso de realización dun obxecto partindo dunhas obxectivos prefixados, e revisar e valorar, ao final de cada fase, o estado do seu desenvolvemento.
- j)* Aplicar as distintas técnicas de traballo cooperativo, fomentando a responsabilidade e favorecendo o diálogo e a comunicación.

## Metodoloxía

Consideramos a metodoloxía como o conxunto de estratexias ou achegas orientadas á implementación das *competencias* básicas nos *obxetivos* xerais da materia e o curso, mediante os *contidos* desenvoltoos nesta programación. O enfoque competencial desta metodoloxía baséase na idea de que a aprendizaxe, os graos de competencia acadados, alcanzaranse a través da práctica, da materialización dos contidos desenvoltoos en clase. A secuenciación e coordinación dos contidos ou as estratexias relacionadas coa *transversalidade* son algúns dos eixos que artellan esta programación.

### 2.1. Consideracións metodolóxicas

O proceso metodolóxico a seguir terá en conta as peculiaridades e circunstancias de cada aula, o grupo de alumnos, o seu momento evolutivo. A propia LOMCE di que “a metodoloxía didáctica na Educación Secundaria adaptárase ás características de cada alumno e alumna, favorecerá súa capacidade para aprender por si mesmo e para traballar en equipo, iniciaráo no coñecemento da realidade de acordo cos principios do método científico”.

En consecuencia, para conseguir uns resultados satisfactorios, teranse en conta os seguintes principios:

- a) Temos que considerar a materia como primordialmente conceptual, e non soamente procedimental, xa que a través dela débense adquirir uns conceptos claros e definidos, con desenvolvemento estritamente académico, cuxa verificación e comprensión realizaranse na práctica, o que permitirá ao alumnado seguir a súa evolución no dominio dos distintos ámbitos da materia dunha forma estruturada.
- b) Os conceptos trataranse dunha forma secuenciada, ben definidos e cotados, evitando toda ambigüidade; por outra parte, deben fomentar a capacidade de abstracción. O desenvolvemento da capacidade manual o conseguirá o alumno mediante as actividades de ensinanza-aprendizaxe propostas para cada unidade didáctica.
- c) A *Educaación Plástica Visual e Audiovisual* na ESO non constitúe, en principio, unha iniciación aos estudos artísticos. O seu obxecto fundamental é introducir ao alumno no ámbito das imaxes e feitos plásticos construídos no entorno vital do alumno, estudando as súas claves e a súa incidencia na vida cotiá (medios de comunicación de masas, deseño gráfico, arquitectura, etc.)
- d) O que se aprende, constrúese sobre o que se coñece da realidade, completándose coa información que se vai adquirindo, polo que se debe relacionar as actividades e os temas propostos co contorno do alumno, físico e intelectual.
- e) O alumnado, mediante a experimentación e a posta en común dos traballos realizados, teñen a posibilidade de contrastar as súas propostas, sometendoas á crítica, e polo tanto dispoñen dun valioso recurso para a valoración e a evolución do seu traballo.
- f) As actividades de ensinanza-aprendizaxe propostas han de ser progresivas na secuenciación lóxica dos contidos así como no grao de dificultade destes; han de ser tamén programadas en número suficiente que permitan traballar ben a diversidade do alumnado.

### 2.2. Metodoloxía de traballo na ensinanza a distancia.

Dada a posibilidade dun escenario de docencia non presencial, as ensinanzas han de orientarse hacia aqueles elementos curriculares máis doados de desenvolver utilizando ferramentas dixitais e os entornos virtuais de aprendizaxe. Para facilitar este proceso, durante o período de ensinanza presencial, tratarase de formar ao alumnado no uso dos programas ou ferramentas informáticas que haberá de utilizar e na mecánica da uso e xestión dos recursos dispoñíbeis nos entornos virtuais de aprendizaxe.

Por outra banda, dada a especificidade da ensinanza telemática, as programacións didácticas adaptaranse a dita circunstancia, baseándose no principio de “aprendizaxes imprescindíbeis”, determinados no Anexo A.

### 2.3. Tratamento da diversidade.

Os intereses e capacidades do alumnado son diferentes e deberán ser tidos en conta á hora de impartir a materia, sobre todo, no referente aos ritmos da progresión do aprendizaxe. Neste sentido, convén coñecer o punto de partida de cada un dos alumnos, en termos de competencias, que posibilite planear os niveis de dificultade e o número de actividades de ensinanza-aprendizaxe a desenvolver.

A eficacia no tratamento da diversidade basearase nos informes individualizados do curso 2019-20, nas avaliacións iniciais e no historial académico do alumnado.

## Contidos curriculares. Organización dos contidos

Os contidos e a súa organización en unidades didácticas están desenvolvidos ao longo de tres cursos en bloques temáticos, segundo se relata a continuación:

### **1º ESO. EPVeA-I:**

#### **Bloque temático 1: Expresión plástica:**

UD 1. O punto, a liña e o plano. Procedementos e técnicas de debuxo.

UD 2. A cor. Técnicas da cor.

UD 3. A textura o “collage”. O proceso creativo.

#### **Bloque temático 2: Comunicación audiovisual:**

UD 4. A percepción visual. A comunicación visual e audiovisual. A imaxe.

UD 5. Imaxe fixa e en movemento: a fotografía e o comic. O cine e a animación.

#### **Bloque temático 3: Debuxo Técnico:**

UD 6. Debuxo técnico e xeometría.

UD 7. Trazados xeométricos.

UD 8. Formas poligonais.

### **3º Curso. EPVeA-II:**

#### **Bloque temático 1: Expresión Plástica:**

UD 1. Punto, liña e plano. A textura.

UD 2. A cor.

UD 3. A composición.

UD 4. Espazo e volumen. Procedementos e técnicas.

#### **Bloque temático 2: Comunicación audiovisual:**

UD 5. A percepción visual. A comunicación visual e audiovisual. A imaxe.

UD 6. A fotografía. A publicidade. O comic. O cine. Multimedia.

#### **Bloque temático 3: Debuxo Técnico:**

UD 7. Formas Poligonales. Tanxencias básicas. Curvas técnicas.

UD 8. Escalas e formas modulares.

UD 9. Sistemas de representación.

**4º Curso. EPVeA-II:**

**Bloque temático 1: Expresión Plástica:**

UD 1. A liña. A textura. A cor. Materiais e técnicas.

UD 2. A composición.

**Bloque temático 2: Debuxo Técnico:**

UD 3. Formas xeométricas planas. Tanxencias e enlaces.

UD 4. Sistemas de representación.

**Bloque temático 3: Fundamentos do deseño:**

UD 5. Fundamentos e aplicacións do deseño. O deseño gráfico.

UD 6. Deseño de obxectos e espazos. O proceso de creación.

**Bloque temático 4: Linguaxe audiovisual e multimedia:**

UD 7. A linguaxe audiovisual.

UD 8. A imaxe dixital. O proxecto audiovisual.

## Secuenciación dos contidos

Nas seguintes páxinas especificase a previsión por cursos e avaliacións dos **obxectivos** e contidos específicos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e a súa relación coas **competencias clave** dos bloques e unidades didácticas que abranguen os contidos do currículo da Educación Secundaria Obligatoria.

### 4.1. Secuenciación dos contidos de EPVeA - 1ºESO

Bloque temático 3: Debuxo técnico		1ªavaliación
Contenidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<b>UD 6</b>		
<b>B3.1</b> Elementos xeométricos fundamentais: punto, liñas e direccións. Posicións relativas entre rectas: paralelas, cortantes e perpendiculares. (b,n,o)	<b>B3.1</b> Comprender e empregar os conceptos espaciais do punto, a liña e o plano.	<b>EPVAB3.1.1</b> Traza as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regra, e resalta o triángulo que se forma. <b>CAA</b>
<b>B3.2</b> Manexo da escuadra e cartabón para o trazado de paralelas, perpendiculares e rectas a 45°. (b,f,n,o)	<b>B3.2</b> Construír distintos tipos de rectas, utilizando a escuadra e o cartabón, despois de repasar previamente estes conceptos.	<b>EPVAB3.2.1</b> Traza rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión. <b>CMCCT</b>
<b>B3.3</b> Circunferencia e círculo. A circunferencia como lugar xeométrico básico no plano. (b,n,o)	<b>B3.3</b> Coñecer con fluidez os conceptos de circunferencia, círculo e arco.	<b>EPVAB3.3.1</b> Constrúe unha circunferencia lobulada de seis elementos, utilizando o compás. <b>CD</b>
<b>B3.4</b> Manexo do compás. Dividir a circunferencia en dous, catro, seis e oito partes iguais, usando o compás. Realizar motivos decorativos co manexo do compás. (b,f,n,o)	<b>B3.4</b> Utilizar o compás, realizando exercicios variados para familiarizarse con esta ferramenta.	<b>EPVAB3.4.1</b> Divide a circunferencia en seis partes iguais, usando o compás, e debuxa coa regra o hexágono regular e o triángulo resultante. <b>CMCCT</b>
<b>UD 7</b>		
<b>B3.5</b> Ángulos. Clasificación de ángulos y posicións relativas.	<b>B3.5</b> Comprender o concepto de ángulo e bisectriz e a clasificación de ángulos agudos, rectos e obtusos.	<b>EPVAB3.5.1</b> Identifica os ángulos de 30°, 45°, 60° e 90° na escuadra e no cartabón. <b>CSIEE</b>
<b>B3.6</b> Trazado de ángulos con escuadra e cartabón. (a,b,o)		

<b>B3.7</b> Realizar operacións con ángulos. Medidas angulares. Transporte de medidas angulares. (b,f,o)	<b>B3.6</b> Estudar a suma e a resta de ángulos, e comprender a forma de medidos.	<b>EPVAB3.6.1</b> Suma ou resta ángulos con regra e compás. <b>CMCCT</b>
<b>B3.8</b> Bisectriz dun ángulo. A bisectriz como lugar xeométrico básico no plano. (b,o)	<b>B3.7</b> Estudar o concepto de bisectriz e o seu proceso de construción.	<b>EPVAB3.7.1</b> Construe a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás. <b>CCEC</b>
<b>B3.9</b> Concepto de medida. Operacións con segmentos con axuda da regra ou utilizando o copás. (b,f,g,o)	<b>B3.8</b> Diferenciar claramente entre recta e segmento tomando medidas de segmentos coa regra ou utilizando o compás.	<b>EPVAB3.8.1</b> Suma ou resta segmentos sobre unha recta, nedindo coa regra ou utilizando o compás. <b>CMCCT</b>
<b>B3.10</b> Mediatriz dun segmento. A mediatriz como lugar xeométrico básico no plano. (b,o)	<b>B3.9</b> Trazar a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.	<b>EPVAB3.9.1</b> Traza a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón. <b>CMCCT</b>
<b>B3.11</b> Teorema de Tales. Aplicacións do teorema de Tales para dividir un segmento en partes iguais e para o escalado dun polígono. (b,f,o)	<b>B3.10</b> Estudar as aplicacións do teorema de Tales.	<b>EPVAB3.10.1</b> Divide un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Tales. <b>CCEC</b>
<b>B3.12</b> Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana. (b,g,f,o)	<b>B3.11</b> Coñecer os lugares xeométricos fundamentais e defínilos.	<b>EPVAB3.10.2</b> Escala un polígono aplicando o teorema de Tales. <b>CSIEE</b> <b>EPVAB3.11.1</b> Explica verbalmente ou por escrito, os exemplos máis comúns de lugar xeométrico (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos,etc.). <b>CMCCT</b>
<b>UD 8</b>		
<b>B3.13</b> Triángulos. Clasificación dos triángulos en función dos seus ángulos e os seus lados. Propiedades fundamentais dos triángulos. (b,n,o)	<b>B3.12</b> Comprender a clasificación dos triángulos en función dos seus lados e os seus ángulos.	<b>EPVAB3.12.1</b> Clasifica calquera triángulo, observando os seus lados e ángulos. <b>CCEC</b>
<b>B3.14</b> Construción de triángulos. (b,f,n,o)	<b>B3.13</b> Construir triángulos coñecendo tres dos seus datos (lados ou ángulos).	<b>EPVAB3.13.1</b> Construe un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas de debuxo. <b>CAA</b>
<b>B3.15</b> Puntos notables dun triángulo. incentro, circuncentro, baricentro e ortocentro. (b,f)	<b>B3.14</b> Analizar as propiedades dos puntos notables dun triángulo aplicando os trazados fundamentais (mediatriz, bisectriz, recta perpendicular,etc) e os elementos dun triángulo (altura, etc).	<b>EPVAB3.14.1</b> Determina o baricentro, incentro, circuncentro ou ortocentro dun triángulo calquera, construíndo correctamente os lugares xeométricos ou elementos fundamentais (mediatrices, bisectrices, alturas). <b>CSIEE</b>
<b>B3.16</b> Triángulo rectángulo: propiedades e construción. (b,f)	<b>B3.15</b> Coñecer as propiedades xeométricas dos triángulos rectángulos e aplicalas con propiedade á súa construción.	<b>EPVAB3.15.1</b> Debuxa un triángulo rectángulo coñecendo os elementos suficientes e identificando os mesmos polo seu nome específico (cateto, hipotenusa, ángulo recto). <b>CMCCT</b>



<b>B3.17</b> Cuadriláteros: clasificación e propiedades. (b,n)	<b>B3.16</b> Coñecer os tipo de cuadriáteros.	<b>EPVAB3.16.1</b> Clasifica correctamente calquera cuadrilátero. CCEC
<b>B3.18</b> Construcción de cuadriláteros. (b,f,n)	<b>B3.17</b> Executar as construcións máis habituais de paralelogramos.	<b>EPVAB3.17.1</b> Constrúe calquera paralelogramo coñecendo dous lados e unha diagonal. CAA
<b>B3.19</b> Polígonos regulares e irregulares. Clasificación. (b,f,n)	<b>B3.18</b> Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares.	<b>EPVAB3.18.1</b> Clasifica correctamente calquer polígono de tres a cinco lados diferenciando claramente se é regular ou irregular. CECC
<b>B3.20</b> Construcción de polígonos regulares inscritos nunha circunferencia. (b,f,n,o)	<b>B3.19</b> Estudar a construcción dos polígonos regulares inscritos na circunferencia.	<b>EPVAB3.19.1</b> Constrúe correctamente polígonos de ata cinco lados, inscritos nunha circunferencia. CMCCT

**Bloque temático I: Expresión plástica****2ª avaliación**

Contenidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<b>UD 1</b>		
<b>B1.1</b> Elementos configurativos da imaxe: punto, liña e plano.	<b>B1.1</b> Identificar os elementos configuradores da imaxe.	<b>EPVAB1.1.1</b> Identifica e valora a importancia do punto, a liña e o plano, analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico-plásticas propias e alleas. CCEC
<b>B1.2</b> Aprecio do uso que os artistas fan do punto, a liña e o plano para aplicalo as propias composicións. (b,f,n)		
<b>B1.3</b> O punto como elemento máis xinxelo da comunicación visual.	<b>B1.2</b> Experimentar coas variacións formais do punto o plano e a liña.	<b>EPVAB1.2.1</b> Analiza os ritmos lineais mediante a observación dos elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creacións gráfico-plásticas. CAA
<b>B1.4</b> Posibilidades gráficas e expresivas da liña en relación a o seu trazado, o seu grosor e a súa velocidade.		<b>EPVAB1.2.2</b> Experimenta co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándoos de forma libre e espontánea. CSIEE
<b>B1.5</b> Calidades do plano como elemento compositivo e como constructor de volume. (b,f,n)		<b>EPVAB1.2.3</b> Experimenta co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas ou libres e espontáneas. CCEC
<b>UD 1 e 2</b>		
<b>B1.6</b> Elementos de expresión plástica: liña, textura e cor. (a,c,d,n,o)	<b>B1.3</b> Expresar emocións utilizando distintos elementos configurativos e recursos gráficos: liñas, puntos, cores, texturas, claroscuros, etc.	<b>EPVAB1.3.1</b> Realiza composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, presión, alegría, tristura, etc) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc). CCL

**UD 3**

**B1.7** Composición: elementos.  
**B1.8** O ritmo na composición.  
(a,f,n)

**B1.4** Identificar e aplicar os conceptos de equilibrio, proporción e ritmo en composicións básicas.

**EPVABI.4.1** Analiza, identifica e explica oralmente, por escrito e graficamente, o esquema compositivo básico de obras de arte e obras propias, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo. **CCL**

**EPVABI.4.2** Realiza composicións básicas con diferentes técnicas segundo as propostas establecidas por escrito. **CSIEE**

**EPVABI.4.3** Realiza composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño textil, ornamental, arquitectónico ou decorativo.

**CCEC, CSIEE**

**EPVABI.4.4** Representa obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, proporcionándoos en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito.

**CCEC**

**UD 2**

**B1.9** A cor coma fenómeno físico e visual. Mestura aditiva e mestura subtractiva.

**B1.10** Círculo cromático. Cores complementarias.  
(a,c,d,n)

**B1.5** Experimentar coas cores primarias e secundarias.

**EPVABI.5.1** Experimenta coas cores primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e subtractiva e as cores complementarias.

**CSC**

**UD 1**

**B1.11** Texturas naturais e artificiais. Capacidade expresiva das texturas.  
(a,c,f,o)

**B1.6** Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas do frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.

**EPVABI.6.1** Transcribe texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas do frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.

**CSIEE**

**UD 4**

**B1.12** Materiales e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas secas, húmidas e mixtas.  
(b,c,e,f,g,n)

**B1.7** Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas: témpera, lapis de grafito e de cor; colaxe.

**EPVABI.7.1** Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade. **CCL**

**EPVABI.7.2** Utiliza o lapis de grafito e de cor creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas. **CSC**

**EPVABI.7.3** Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinces, esponxas, goteos, distintos graos de umidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades

des expresivas segundo grado de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas. **CCEC**  
**EPVAB1.7.4** Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións, colaxes matericas e figuras tridimensionais. **CAA**  
**EPVAB1.7.5** Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compoñéndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos. **CSC**  
**EPVAB1.7.6** Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico plásticas. **CSC**  
**EPVAB1.7.7** Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración de actividades. **CSC**

**Bloque temático 2: Comunicación audiovisual****3ª avaliación**

Contenidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<b>UD 5</b>		
<b>B2.1</b> Imaxe e comunicación visual. Graos de iconicidade. Imaxe figurativa e imaxe abstracta . (a,c,d,e,f)	<b>B2.1</b> Recoñecer os graos de icinidade en imaxes presentes no ámbito comunicativo.	<b>EPVAB2.1.1</b> Diferencia imaxes figurativas de abstractas. <b>CCL</b> <b>EPVAB2.1.2</b> Recoñece graos de iconicidade nunha serie de imaxes. <b>CCL</b> <b>EPVAB2.1.3</b> Crea imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema. <b>CD</b>
<b>B2.2</b> Comunicación visual. Símbolos e iconas. (a,c,f,l,o)	<b>B2.2</b> Distinguir e crear tipos de imaxes segundo a súa relación significantesignificado: símbolos e iconas.	<b>EPVAB2.2.1</b> Distingue símbolos de iconas. <b>CCL</b> <b>EPVAB2.2.2</b> Deseña símbolos e iconas. <b>CD</b>
<b>B2.3</b> O cómic: medio de expresión. Linguaxe do comic. (c,f,g,i,h,o)	<b>B2.3</b> Analizar e realizar cómics aplicando os recursos propios da linguaxe adecuadamente.	<b>EPVAB2.3.1</b> Deseña un cómic utilizando adecuadamente viñetas e lendas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas. <b>CCL</b>
<b>B2.4</b> Comunicación visual: características e elementos que interveñen nela. (a,c,e,h,ñ,o)	<b>B2.4</b> Diferenciar e analizar os elementos que interveñen nun acto de comunicación visual.	<b>EPVAB2.4.1</b> Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación visual. <b>CSC</b>

**B2.5** Funcións das mensaxes na comunicación visual e audiovisual. (a,d,e,f,h,o)

**B2.5** Recoñecer as funcións da comunicación visual e audiovisual.

**EPVAB2.5.1** Identifica e analiza os elementos que interveñen en actos de comunicación audiovisual. **CCL**  
**EPVAB2.5.2** Distingue a función ou funcións que predominan en mensaxes visuais ou audiovisuais.  
**CD**

#### 4.2. Secuenciación dos contidos de EPVeA - 3ºESO

##### Bloque temático 3: Debuxo técnico

1ª avaliación

Contenidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<b>UD 7</b>		
<b>B3.1</b> Lugares geométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz, e mediana. (b,f,g)	<b>B3.1</b> Coñecer lugares xeométricos e definilos.	<b>EPVAB3.1.1</b> Explica verbalmente ou por escrito os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc).. <b>CCL</b>
<b>B3.2</b> Polígonos regulares e irregulares. Clasificación. (b,f,n)	<b>B3.2</b> Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares.	<b>EPVAB3.2.1</b> Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular. <b>CAA</b>
<b>B3.3</b> Construción de polígonos regulares dado o lado. (b,f,n)	<b>B3.3</b> Estudar a construción de polígonos regulares coñecendo o lado.	<b>EPVAB3.3.1</b> Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado. <b>CMCCT</b>
<b>B3.4</b> Tanxencias e enlaces. Propiedades e consideracións xeométricas das tanxencias. (b,e,f,g)	<b>B3.4</b> Comprender as condicións dos centros e as rectas tanxentes en distintos casos de tanxencia e enlaces.	<b>EPVAB3.4.1</b> Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas. <b>CMCCT</b> <b>EPVAB3.4.2</b> Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando correctamente as ferramentas. <b>CAA</b>
<b>B3.5</b> Tanxencias e enlaces en curvas técnicas: óvalos e ovoides. (b,e,f,g)	<b>B3.5</b> Comprende a construción do óvalo e do ovoide básicos, aplicando as propiedades de tanxencias entre circunferencias.	<b>EPVAB3.5.1</b> Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior. <b>CMCCT</b>
<b>B3.6</b> Propiedades e características das tanxencias en óvalos e ovoides. (b,f,o)	<b>B3.6</b> Analizar e estudar as propiedades das tanxencias nos óvalos e nos ovoides.	<b>EPVAB3.6.1</b> Constrúe varios tipos de óvalos e ovoides, segundo os diámetros coñecidos. <b>CSIEE</b>
<b>B3.7</b> Enlaces en curvas técnicas. Espirais: propiedades e características. (b,f,g,n)	<b>B3.7</b> Aplicar as condicións de tanxencias e enlaces para construír espirais de dous, tres, catro e cinco centros.	<b>EPVAB3.7.1</b> Constrúe correctamente espirais de dous, tres, catro e cinco centros. <b>CMCCT</b>
<b>UD 8</b>		
<b>B3.8</b> Redes modulares: cadrada e triangular.	<b>B3.8</b> Estudar os conceptos de simetría, xiro e traslación aplicándoos ao deseño de composicións con módulos.	<b>EPVAB3.8.1</b> Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos. <b>CD</b>
<b>B3.9</b> Concepto de simetría, xiro e traslación aplicado as composicións modulares. (b,f,g,h)		

**UD 9**

**B3.10** Representación obxectiva de sólidos. Introducción oas sistemas de medida e sistemas perpectivos. Vistas diédricas dun sólido.

(b,e,f,g)

**B3.11** Introducción as axonometrías e as súas características. Axonometría cabaleira a plicada a volúmenes sinxelos.

(b,f,o)

**B3.12** Axonometría isométrica aplicada a volúmenes sinxelos.

(b,g,f,o)

**B3.9** Comprender o concepto de proxección e aplicalo ao debuxo das vistas de obxectos, con coñecemento da utilidade das anotacións, practicando sobre as tres vistas de obxectos sinxelos e partindo da análise das súas vistas principais.

**B3.10** Comprender e practicar o procedemento da perspectiva cabaleira aplicada a volúmenes elementais.

**B3.11** Comprender e practicar os procesos de construción de perspectivas isométricas de volúmenes sinxelos.

**EPVAB3.9.1** Debuxa correctamente as vistas principais de volúmenes frecuentes, identificando as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas.

CMCCT

**EPVAB3.10.1** Constrúe a perspectiva cabaleira de prismas e cilindros simples, aplicando correctamente coeficientes de redución sinxelos. CNCCT

**EPVAB3.11.1** Realiza perspectivas isométricas de volúmenes sinxelos, utilizando correctamente a escuadra e o cartabón para o trazado de paralelas.

CMCCT

**Bloque temático I: Expresión plástica****2ª avaliación**

Contenidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<b>UD 1-3</b>		
<b>B1.1</b> Proceso creativo. Métodos creativos aplicados a procesos das artes plásticas e deseño. (b,c,d,f,g,n)	<b>B1.1</b> Coñecer e aplicar os métodos creativos gráfico-plásticos aplicados aos procesos das artes plásticas e deseño.	<b>EPVAB1.1.1</b> Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais. <b>CAA</b> <b>EPVAB1.1.2</b> Coñece e aplica métodos creativos para a elaboración de deseño gráfico, deseños de produto, moda e as súas múltiples aplicacións. <b>CSIEE</b>
<b>B1.2</b> O proceso creativo desde a idea inicial ata execución definitiva. (b,c,d,f,n)	<b>B1.2</b> Crear composicións gráfico-plásticas persoais e colectivas.	<b>EPVAB1.2.1</b> Reflexiona e avalía, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo dende a idea inicial ata a execución definitiva. <b>CSIEE</b>
<b>B1.3</b> A imaxe como representación da realidade. Iconicidade na imaxe gráfica. Niveis de iconicidade. <b>B1.4</b> O bosquejo ou apuntamento como estudo previo ao resultado final. (a,c,d,f,n)	<b>B1.3</b> Debuxar con distintos niveis de iconicidade da imaxe.	<b>EPVAB1.3.1</b> Comprende e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosquejos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos. <b>CCEC</b>
<b>UD 2</b>		
<b>B1.5</b> Natureza da cor. Cor luz e cor pigmento. <b>B1.6</b> Temperatura da cor. <b>B1.7</b> Simbolismo da cor (a,c,d,f,n)	<b>B1.4</b> Identificar e diferenciar as propiedades da cor luz e a cor pigmento.	<b>EPVAB1.4.1</b> Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas. <b>CSIEE</b> <b>EPVAB1.4.2</b> Representa con claroscuro a sensación espacial de compo-

**UD 4**

**B1.8** Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.  
(b,c,d,f,g,n)

**B1.5** Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas. Témpera e lapis de grafito e de cor; colaxe.

sicións volumétricas sinxelas. **CSC**  
**EPVAB1.4.3** Realiza composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor.

**CSIEE**

**EPVAB1.5.1** Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxecto da actividade. **CCL**

**EPVAB1.5.2** Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas. **CCEC**

**EPVAB1.5.3** Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinxeis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as propiedades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas. **CCEC**

**EPVAB1.5.4** Utiliza o apel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles para crear composicións, colaxes matericas e figuras tridimensionais. **CAA**

**EPVAB1.5.5** Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compondoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos. **CSIEE**  
**EPVAB1.5.6** Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades graficoplásticas. **CSC**

**EPVAB1.5.7** Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. **CSC**

**Bloque temático 2: Comunicación audiovisual****3ª avaliación****Contenidos****Crterios de avaliación****Estándares de aprendizaxe****UD 5**

**B2.1** Percepción visual. Proceso perceptivo0.

**B2.1** Identificar os elementos e factores que interveñen no proceso de percepción de imaxes.

**EPVAB2.1.1** Analiza as causas polas que se produce unha ilusión óptica aplicando coñecementos dos proce-

<b>B2.2</b> Constantes perceptivas da forma, tamaño e cor. <b>(a,d,f)</b>		sos perceptivos.	<b>CAA</b>
<b>B2.3</b> Ilusións ópticas.	<b>B2.2</b> Recoñecer as leis visuais da Gestalt que posibilitan as ilusións ópticas e aplicar estas leis na elaboración de obras propias.	<b>EPVAB2.2.1</b> Identifica e clasifica ilusións ópticas según as leis da Gestalt.	<b>CSC</b>
<b>B2.4</b> Luis ou principios da Gestalt. <b>(a,n)</b>		<b>EPVAB2.2.2</b> Deseña ilusións ópticas baseándose nas leis da Gestalt.	<b>CCEC</b>
<b>B2.5</b> A imaxe en movemento: posibilidades expresivas. <b>(e,g,o)</b>	<b>B2.3</b> COñecer os fundamentos da imaxe en movemento e explicar as súas posibilidades expresivas.	<b>EPVAB2.3.1</b> Elabora unha animación con medios dixitais e/ou analóxicos.	<b>CCEC</b>
<b>B2.6</b> Linguaxe visual. Signo visual. Significante e significado. <b>(a,c,f,h,ñ)</b>	<b>B2.4</b> Identifica significante e significado nun signo visual.	<b>EPVAB2.4.1</b> Distingue significante e significado nun signo visual.	<b>CD</b>
<b>B2.7</b> Linguaxe da imaxe. Aprender a ler unha imaxe.	<b>B2.5</b> Describir, analizar e interpretar unha imaxe, distinguindo os seus aspectos denotativo e connotativo.	<b>EPVAB2.5.1</b> Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe, identificando, clasificando e describindo os seus elementos.	<b>CCL</b>
<b>B2.8</b> Denotación e connotación. <b>(a,d,e,f,h,o)</b>		<b>EPVAB2.5.2</b> Analiza unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva, identificando os elementos de significación, narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusión e interpretando o seu significado.	<b>CCL</b>
<b>UD 6</b>			
<b>B2.9</b> A fotografía. A fotografía como medio de comunicación. <b>(e,l,n,ñ,o)</b>	<b>B2.6</b> Analizar e realizar fotografías comprendendo e aplicando os fundamentos desta.	<b>EPVAB2.6.1</b> Identifica encadramentos e puntos de vista nunha fotografía.	<b>CCL</b>
		<b>EPVAB2.6.2</b> Realiza fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas.	<b>CD</b>
<b>B2.10</b> Linguaxes visual e audiovisual: funcións e códigos. <b>(a,c,d,e,h)</b>	<b>B2.7</b> Utiliza de xeito axeitado as linguaxes visual e audiovisual con distintas funcións.	<b>EPVAB2.7.1</b> Deseña en, equipo, mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, storyboard, realización, etc.), e valora de xeito crítico os resultados.	<b>CCL</b>
<b>B2.11</b> Recursos visuais presentes en mensaxes publicitarios visuais e audiovisuais. <b>(a,c,d,e,o)</b>	<b>B2.8</b> Identificar e recoñecer as linguaxes visuais apreciando os estilos e as tendencias, valorando, e respectando do patrimonio do patrimonio histórico e cultural, e gozando del.	<b>EPVAB2.8.1</b> Identifica os recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.	<b>CSC</b>
<b>B2.12</b> A publicidade: principais recursos visuais empregados nela. <b>(a,c,d,e,o)</b>	<b>B2.9</b> Identificar e empregar recursos visuais como as figuras retóricas na linguaxe publicitaria.	<b>EPVAB2.9.1</b> Deseña unha mensaxe publicitaria utilizando recursos visuais como as figuras retóricas.	<b>CCL</b>
<b>B2.13</b> O cine. O cine como medio de comunicación. <b>(a,c,d,f,h,i)</b>	<b>B2.10</b> Apreciar a linguaxe do cine analizando obras de xeito crítico, situándoas no seu contexto histórico e so-	<b>EPVAB2.10.1</b> Reflexiona críticamente sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a	

<p><b>B2.14</b> A linguaxe multimedia como ferramenta de traballo. (e,g,i)</p>	<p>ciocultural, e reflexionando sobre a relación da linguaxe cinematográfica coa mensaxe da obra.</p> <p><b>B2.11</b> Comprender os fundamentos da linguaxe multimedia, valorar as achegas das tecnoloxías dixitais e ser capaz de usalo para elaborar documentos.</p>	<p>narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe. <b>CCEC</b></p> <p><b>EPVAB2.11.1</b> Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de axeitadamente. <b>CD</b></p>
--	--	---

#### 4.3. Secuenciación dos contidos de EPVeA-4ºESO

##### Bloque temático 2: Debuxo técnico

1ª avaliación

Contenidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<b>UD 3</b>		
<p><b>B2.1</b> Utensilios de debuxo técnico: estudo e manexo.</p> <p><b>B2.2</b> Trazados xeométricos: cuadriláteros, polígonos regulares e división da circunferencia.</p> <p><b>B2.3</b> Tanxencias e enlaces.</p> <p><b>B2.4</b> Aplicación dos procedementos de trazados dos cuadriláteros, polígonos, tanxencias e enlaces no deseño de motivos xeométricos. (b,f,g,n,o)</p>	<p><b>B2.1</b> Analizar a configuración de deseños realizados con formas xeométricas planas, creando composicións onde interveñan diversos trazados xeométricos, utilizando con precisión e limpeza os materiais de debuxo técnico.</p>	<p><b>EPVAB2.1.1</b> Diferenza o sistema de debuxo descriptivo do perceptivo. <b>CAA</b></p> <p><b>EPVAB2.1.2</b> Resolve problemas sinxelos relativos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico. <b>CAA,CMCCT</b></p> <p><b>EPVAB2.1.3</b> Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces. <b>CAA,CMCCT</b></p> <p><b>EPVAB2.1.4</b> Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao a creación de deseños persoais. <b>CAA,CMCCT</b></p>
<b>UD 4</b>		
<p><b>B2.5</b> Interpretación das pezas a través das súas vistas diédricas.</p> <p><b>B2.6</b> Trazado, medida e posición correcta das vistas de pezas sinxelas. Liñas vistas e ocultas. Esbozo a manzada e cos utensilios de debuxo técnico.</p> <p><b>B2.7</b> Perspectiva cabaleira posición dos eixos e coeficientes de redución. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas.</p> <p><b>B2.8</b> Sistema axonométrico: isometría. Posición dos eixos. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas.</p> <p><b>B2.9</b> Perspectiva cónica central.</p> <p><b>B2.10</b> Perspectiva cónica oblícuca.</p> <p><b>B2.11</b> Análise das posibilidades da posición do punto de vista. (b,f,g,o)</p>	<p><b>B2.2</b> Diferenciar e utilizar os sistemas de representación gráfica, recoñecendo a utilidade do debuxo de representación obxectiva no ámbito das artes, a arquitectura, o deseño e a enxeñería.</p>	<p><b>EPVAB2.2.1</b> Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais. <b>CAA,CMCCT</b></p> <p><b>EPVAB2.2.2</b> Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas. <b>CAA,CMCCT</b></p> <p><b>EPVAB2.2.3</b> Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado. <b>CAA,CMCCT</b></p> <p><b>EPVAB2.2.4</b> Reraliza paerspectivas cónicas frontais e oblícuas, elexindo o punto de vista máis adecuado. <b>CAA,CMCCT</b></p>



**UD 5**

**B2.12** Debuxo asistido por computador. Trazado de pezas planas e tridimensionais sinxelas.  
(b,e,i,o)

**B2.3** Utilizar programas de debuxo por computador para construír trazados xeométricos e pezas sinxelas nos sistemas de representación.

**EPVAB2.3.1** Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.  
CD,CAA,CMCCT

**Bloque temático I: Expresión plástica.****2ª avaliación**

Contenidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<b>UD 1</b>		
<b>B1.1</b> A linguaxe plástica e visual na creación da composición artística. (a,c,d,e,h)	<b>B1.1</b> Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferentemente coa subxectividade da súa linguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía e os procedementos da linguaxe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación.	<b>EPVAB1.1.1</b> Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual. CCL,CCEC
<b>UD 1</b>		
<b>B1.2</b> Leis da composición. <b>B1.3</b> Leis da composición: movemento, ritmo e liñas de forza. <b>B1.4</b> A cor como ferramenta simbólica. (a,d,g,n)	<b>B1.2</b> Realiza obras plásticas experimentando e utilizando diferentes soportes e técnicas, tanto analóxicos como dixitais, valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo.	<b>EPVAB1.2.1</b> Aplica as leis da composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión. CD,CCEC <b>EPVAB1.2.2</b> Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe. CCL,CCEC <b>EPVAB1.2.3</b> Cambia o significado de unha imaxe por medio da cor. CAA,CCEC
<b>UD 1</b>		
<b>B1.5</b> Técnicas de expresión gráfico-plásticas. Experimentación con diversos materiais. <b>B1.6</b> Interese pola investigación sobre materiais, soportes, técnicas e ferramentas con fins concretos, así como a utilización das tecnoloxías da información nas creacións propias. <b>B1.7</b> Iniciativa, creatividade e autoesixencia no proceso de produción propio. (b,c,e,g,h)	<b>B1.3</b> Elixir os materiais e as técnicas máis axeitadas para elaborar unha composición sobre a base duns obxectivos prefixados e da autoavaliación continua do proceso de realización.	<b>EPVAB1.3.1</b> Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos. CAA,CCEC,CSIEE <b>EPVAB1.3.2</b> Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades. CCEC,CSIEE,CAA,CD

**UD 2**

**B1.8** Seguimento do proceso de creación: bosquejo, proxecto, presentación final e avaliación (reflexión propia e avaliación colectiva).

**B1.9** Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa.  
(b,c,e,g,n)

**UD 2**

**B1.10** Lectura e valoración de obras artísticas e imaxes en distintos soportes.

**B1.11** Análise de distintas obras de arte situándoas na época, na técnica e no estilo aos que pertencen. Valoración do patrimonio artístico.  
(b,c,e,g,n)

**B1.4** Realizar proxectos plásticos que comporten unha organización de forma cooperativa, valorando o traballo en equipo coma fonte de riqueza na creación artística.

**B1.5** Recoñecer en obras de arte a utilización de elementos e técnicas de expresión, apreciar os estilos artísticos, valorar o patrimonio artístico e cultural como un medio de comunicación e satisfacción individual e colectiva, e contribuir a súa conservación a través do respecto e divulgación das obras de arte.

**EPVAB1.4.1** Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo.

CSIEE,CCEC,CSC

**EPVAB1.5.1** Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos.

CCL,CSIEE,CCEC

**EPVAB1.5.2** Analiza e leimaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen.

CSIEE,CCEC

**Bloque temático 3: Fundamentos do deseño.****3ª avaliación**

Contenidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<b>UD 5</b>		
<b>B3.1</b> Análise das linguaxes visuais cotiás (arte, deseño, publicidade, etc.).	<b>B3.1</b> Percibir e interpretar críticamente as imaxes e as formas no seu ámbito cultural, con sensibilidade cara ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais, e apreciando o proceso de creación artística, en obras propias e alleas, e distinguir e vañorar as súas fases.	<b>EPVAB3.1.1</b> Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual. CSIEE,CCEC <b>EPVAB3.1.2</b> Obserba e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal. CCL,CCEC
<b>B3.2</b> Fases do proceso de deseño.		
<b>B3.3</b> Análise da estética e a funcionalidade do deseño industrial de obxectos.		
<b>B3.4</b> Análise da estética e funcionalidade do feísmo arquitectónico. (b,f,n,o)		
<b>UD 5</b>		
<b>B3.5</b> Campos de aplicación do deseño. (c,e,g,i)	<b>B3.2</b> Identifica os elementos que forman a estrutura da linguaxe do deseño.	<b>EPVAB3.2.1</b> Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño. CSIEE
<b>UD 6</b>		
<b>B3.6</b> Deseño de composicións modulares utilizando trazados xeométricos.	<b>B3.3</b> Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o traballo en equipo para a creación de ideas orixinais.	<b>EPVAB3.3.1</b> Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo. CCEC,CSIEE <b>EPVAB3.3.2</b> Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa. CCEC,CSIEE
<b>B3.7</b> Componentes da imaxe corporativa: nome, cor, tipografía, logotipo, deseño, etc.		
<b>B3.8</b> Secuenciación e elaboración de proxectos creativos adaptados ás áreas do deseño.		
<b>B3.9</b> Informática ao servizo dos proxectos de deseño.		

**B3.10** Planificación dun proxecto artístico.  
(b,e,f,i)

**EPVAB3.3.3** Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas de deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.

**CSIEE,CCEC**

**EPVAB3.3.4** Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.

**CD,CSIEE,CCEC**

**EPVAB3.3.5** Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras.

**CSIEE,CCEC**

#### **Bloque temático 4: Linguaxe audiovisual e multimedia.**

**3ª avaliación**

<b>Contenidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe</b>	
<b>UD 7</b>			
<b>B4.1</b> Tipos de planos cinematográficos. Análise dos factores expresivos e a súa simboloxía.	<b>B4.1</b> Identificar os elementos que forman a estrutura narrativa e expresiva básica da linguaxe audiovisual e multimedia, e describir correctamente os pasos necesarios para a produción dunha mensaxe audiovisual, e valorando o labor de equipo.	<b>EPVAB4.1.1</b> Analiza os tipos de planos que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos. <b>CD,CSIEE,CCEC</b>	
<b>B4.2</b> Realización dun storyboard. (a,h,n,ñ)			<b>EPVAB4.1.2</b> Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia de unha película. <b>CSIEE</b>
<b>UD 7</b>			
<b>B4.3</b> Estudo de planos, angulacións e movementos de cámara no cine.	<b>B4.2</b> Recoñecer os elementos que integran as imaxes audiovisuais e as súas finalidades.	<b>EPVAB4.2.1</b> Ver películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara. <b>CD,CSIEE,CCEC</b>	
<b>B4.4</b> Criterios estéticos na elaboración de fotografías.			<b>EPVAB4.2.2</b> Analiza e realiza fotografías tendo en conta criterios estéticos. <b>CD,CSIEE,CCEC</b>
<b>B4.5</b> Finalidade expresiva nas imaxes fotoxornalísticas. (e,l,n,o)			<b>EPVAB4.2.3</b> Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades. <b>CD,CSIEE,CCEC</b>
<b>UD 8</b>			
<b>B4.6</b> Creación dixital de imaxes.	<b>B4.3</b> Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos vinculados a estas linguaxes.	<b>EPVAB4.3.1</b> Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador. <b>CD,CCEC,CSIEE</b>	
<b>B4.7</b> Deseño dun proxecto publicitario.			<b>EPVAB4.3.2</b> Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica. <b>CD,CCEC,CSIEE</b>
<b>B4.8</b> Desenvolvemento dun proxecto persoal. (b,e,f,i)			

**UD 8**

**B4.9** Análise crítica da linguaxe publicitaria.  
(a,c,d,f,h,n,o)

**B4.4** Amosar unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade, rexeitando os elementos desta que supoñan discriminación sexual, social ou racial.

**EPVAB4.3.3** Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.

CAA,CD,CSIEE,CCEC

**EPVAB4.4.1** Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.

CD,CSIEE,CCEC,CSC

## Medios didácticos e material de apoio

Na fase de planificación das actividades de ensinanza-aprendizaxe terase en conta a dotación e preparación de todos aqueles recursos precisos que son necesarios para poder levalas a efecto, é dicir, os materiais, obxectos, instrumentos, libros de texto e materiais en formato electrónico, aulas virtuais e sistemas de xestión de contidos, espazos, etc. Especialmente os espazos e material necesarios para desenvolver os temas específicos relacionados coas TICs. Neste caso a incorporación ao proxecto *E-Dixgal* no 1º curso da ESO, coa provisión dun ordenador persoal por alumno e acceso a un entorno virtual propio, permite cumprir a maioría das expectativas. Do mesmo xeito, compre asignar a esta materia en 3º e 4º da ESO de 1h semanal na aula de informática para poder cumprir cos contidos que constan nesta programación.

O noso centro educativo dispón de moitos recursos didácticos: proxectores, ordenadores, vídeos, etc., que nos permitan desenvolver a materia axeitadamente.

Material básico recomendado para que dispoña o alumno/a:

- Regra e xogo de escuadras. Transportador de ángulos. Compás.
- Xogo básico de lapis de cores.
- Portaminas e minas de grafito duras e brandas. Goma de borrar.
- Ordenador personal.

Na selección de recursos didácticos hai que ter en conta unha serie de factores entre os que se poderían destacar: adecuación ao obxectivo que se desexa acadar así como o nivel de maduración do alumno, e a accesibilidade e custo de determinados recursos e actividades.

### 5.1. Libros de texto e material en formato electrónico

Como foi sinalado no parágrafo anterior, a incorporación ao proxecto *E-Dixgal* proporciona un entorno virtual de aprendizaxe para *EPVeA-1º ESO* e *DAO-2º ESO*, ademais de libro electrónico no 1º curso. En 3º e 4º ESO non hay libro de texto obrigatorio.

Os alumnos teñen acceso, en 3º e 4º ESO, a través da páxina web do centro, ao entorno virtual de aprendizaxe *Moodle*, donde dispoñen do material de apoio elaborado polos profesores, unidades didácticas e presentacións, as programacións anuais, actividades complementarias, hiperenlaces a outros contidos de interese, etc. Todos os alumnos son dados de alta en dito entorno ó principio de curso.

### 5.2. Actividades complementarias

Como medio de posta en contacto co ámbito cultural do entorno, trataráanse de realizar, se é posible, unha saída do centro por trimestre e nivel, visitando empresas de deseño, oficinas técnicas, museos, exposicións temporais, coñecemento do medio urbano ou do contorno pisaxístico, sempre a xuízo do profesor e de acordo con aumentar e asentar os coñecementos que dentro da aula puideran quedar restrinxidos.

Por outra banda, o uso cada vez máis intensivo dos entornos virtuais de aprendizaxe, e considerando as particularidades do curso 2020/21, proporciona un medio a ter en conta para a realización de actividades complementarias.

## Avaliación e recuperación

O proceso de avaliación do alumnado podería descompoñerse en dúas etapas con obxectivos, métodos, e temporización diferenciada.

En primeiro lugar unha *avaliación inicial* na que se avaliarán coñecementos previos, intereses e capacidades do alumnado, mediante diferentes procedementos como o historial escolar do alumno, entrevistas persoais, probas obxectivas, etc., que se desenvolverá ao inicio do curso.

Ao longo de todo o proceso de aprendizaxe desenvolverase o que poderíamos denominar a *avaliación formativa* que permitirá a adecuación das estratexias metodolóxicas na mellora do proceso de ensino-aprendizaxe, de forma dinámica a través do análise da obsección sistemática do comportamento do alumnado ao longo do proceso de aprendizaxe.

Na avaliación do proceso de aprendizaxe pódense ter en conta distintos procedementos e instrumentos:

- A observación personalizada do progreso e desenvolvemento do alumno na realización de traballos, intervencións na aula ou emprego do material propio da materia.
- A utilización de apuntes, notas e material de apoio complementario e a súa correcta xestión e ordenación.
- As postas en común e as entrevistas individuais.
- A realización de probas obxectivas, tanto orais como escritas.
- A resolución de exercicios propostos e actividades complementarias.
- A autoavaliación e coavaliación.

En liñas xerais a avaliación atenderá en todo intre a os seguintes aspectos esenciais:

- Desenvolvemento na clase da programación con un enfoque de tipo competencial.
- Relación entre os obxectivos e contidos.
- Adecuación de obxectivos e contidos ás necesides reais.
- Utilización de recursos didácticos e metodoloxía adecuada.

Entenderase que o alumno acada un nivel de aprendizaxe satisfactorio en tanto que de xeito integral se consideran os resultados obtidos en relación cos obxetivos mínimos planeados. As actitudes han de ser tamén oxecto de avaliación e isto quere dicir que tiveron que ser obxecto de ensinanza aprendizaxe. A boa disposición ante a materia, o traballo en equipo, os comentarios, a curiosidade intelectual axudan a conformar un ambiente doado para a aprendizaxe significativa.

Os resultados que se vaian acadando no proceso avaliador, deberán ser trasladados os alumnos e alumnas de maneira comprensible e motivadora, centrándose fundamentalmente no proceso de aprendizaxe; destacarán o grao de adquisición e o dominio dos contidos en relación coa súa propia situación en momentos anteriores do proceso, e especificarán, no seu caso, as medidas necesarias para aproveitar e reforzar os resultados positivos e poder superar as dificultades que se poidan plantexar.

### 6.1. Procedementos e instrumentos de avaliación

Unha avaliación continuada e formativa esixe o uso de múltiples instrumentos ao longo do proceso educativo para permitir a recollida fiable de información e o seu posible uso avaliador. No seguinte cadro exemplifícase un posible procedemento de avaliación, así como os instrumentos avaliadores utilizados.

Procedemento de avaliación		
Instrumento avaliador	Elementos avaliados	Valor parcial
Observación sistemática	Coñecementos previos	10 %
	Asistencia e puntualidade	
	Participación e actitude	
	Áchega de ideas e solucións	
	Aproveitamento en xeral	
Realización das actividades de ensinanza-aprendizaxe	Puntualidade e cumprimento de prazos de entrega	30 %
	Corrección na presentación do traballo	
	Orixinalidade e creatividade nas solucións	
	Organización e planificación do traballo	
	Destreza no uso de materiais, instrumentos e técnicas	
	Busca e organización da información	
	Comunicación oral ou escrita sobre o seu traballo	
	Corrección na execución ou solución das actividades	
Aproveitamento en xeral		
Actividades complementarias ou de autoavaliación	Corrección na presentación do traballo	10 %
	Orixinalidade e creatividade nas solucións	
	Achega de ideas e solucións	
	Organización e planificación do traballo	
	Destreza no uso de materiais, instrumentos e técnicas	
Probas obxectivas	Adquisición das competencias clave	50 %
	Adquisición de conceptos	
	Comprensión e razoamento por medio da práctica	
	Organización e corrección na execución e presentación	
	Orixinalidade e creatividade nos enfoques dos problemas	
	Destrezas no uso de materiais e técnicas de traballo	

### 6.2. Cadro de criterios de avaliación

Para avaliar actividades de ensinanza-aprendizaxe pódense utilizar unha serie de criterios similares aos do cadro seguinte:



<b>Avaliación de actividades de ensino-aprendizaxe</b>		
Búsqueda e organización da información	Non sabe buscar máis información que a que lle ofrece o profesor	0
	Recole información, pero non sabe ordenala nin estruturala	1
	Estructura a información recollida e sabe aplicala ao traballo concreto que realiza	2
	Comprende a información e abstrae os conceptos necesarios para a súa aplicación en diferentes traballos	3
Orixinalidade e creatividade desenvolvida	Limitase a copiar figuras obxectos ou imita a outros alumnos	1
	Aporta solucións moi similares aos modelos establecidos	2
	Combina as solucións de modelos externos con aportacións propias	4
	Aporta solucións persoais, inventa formas, composicións e técnicas	5
Destreza no uso de técnicas e instrumentos	Descoñece a maioría das técnicas. Pouca ou nula habilidade no manexo de instrumentos	1
	Coñece certos recursos técnicos, pero ten pouca habilidade para executalos	2
	Ten habilidades e coñece as técnicas	4
	Dispón dun elevado número de recursos propios e utiliza os máis adecuados en cada caso	5
Corrección na presentación dos traballos	Carece non coida o material e non se interesa polo aspecto dos traballos realizados	0
	Coida os materiais e soportes pero descoida o aspecto final	1
	Traballos limpos, precisos e ordenados.	3
	Utiliza adecuadamente os materiais e soportes. Acabado personal e adecuado ao propósito do traballo	4
Comunicación oral ou escrita	Non é quen de explicar nada sobre o seu traballo	0
	Explica aspectos globais do seu traballo, pero non sabe analízalo	1
	Analiza algúns elementos do seu traballo, sen establecer relacións co significado	2
	Expresa verbalmente os elementos utilizados, a súa sintaxe e a relación cos significados que se producen	3
Puntualidade nos prazos de entrega	Non entrega os traballos nas datas previstas	0
	Normalmente atrasase na entrega	1
	Cumpre os prazos de entrega con normalidade	2
	É riguroso e puntual na entrega dos traballos	3
Corrección na execución ou solución das actividades	A solución aportada é incorrecta	0
	O traballo executado contén algúns erros	1
	A solución é adecuada en termos xerais	2
	A execución da actividade é adecuada e persoal	3

### 6.3. Indicadores de logro. Superación dos estándares de aprendizaxe

A evolución do alumnado recollerase e valorarase mediante láminas e traballos de aula así como de exames para a teoría e de execución práctica das unidades didácticas, segundo vaian rematando éstas.

Considerase mínimamente superado un estándar coa valoración de *suficiente*, cando o alumnado alcanza o estándar de aprendizaxe pero de forma insegura ou sen continuidade no tempo, explicando literalmente o aprendido ou facéndoo repetidamente; nos outros casos considerarase: moi deficiente, deficiente, ben, notable, sobresainte, segundo as valoracións reflectidas no cadro seguinte:

Descrición	Valoración	Abrev.
Non se alcanza o estándar de aprendizaxe nin no mais mínimo grao	Moi deficiente	MD
Non se alcanza o estándar de aprendizaxe. Explicacións vagas e desorganizadas sobre o aprendido	Deficiente	D
Alcanza o estándar de aprendizaxe con seguridade e de forma continuada no tempo pero sen integralo de forma definitiva no aprendizaxe. É capaz de explicar as aprendizaxes realizadas con vocabulario propio	Ben	B
Alcanza o estándar de aprendizaxe relacionándoo con outras aprendizaxes. Explica o aprendido con seguridade e de forma creativa	Notable	N
Alcanza o estándar de aprendizaxe e, ademais de explicado con seguridade e orixinalidade e capaz de integralo noutros contextos novos	Sobresainte	SB

### 6.4. Tratamento da diversidade. Coñecementos previos

Os intereses e capacidades de cada alumno/a son diferentes e deberán ser tidos en conta á hora de impartir a materia, sobre todo, no referente aos ritmos de aprendizaxe e de progresión. Neste sentido, convén coñecer o punto de partida de cada un dos alumnos, para unha posterior aprendizaxe e planear os niveis de dificultade que se van a encontrar os alumnos, así como do número de actividades de ensinanza-aprendizaxe que desenvolverán.

Por outra banda, mediante unha charla en grupo e unha enquisa tipo test, no comenzo da primeira sesión e despois de explicar a programación xeral da materia, realizaremos unha proba ou análise para coñecer o nivel de coñecementos previos, mediante os que estaremos en condicións de establecer todo o proceso e de poder abordar as aprendizaxes significativas adecuadas.

### 6.5. Recuperación de materia pendente

Logo de comenzado o curso e recibida a información de Xefatura de Estudos, o profesor do curso actual terá en conta aos alumnos que teñen a materia pendente de outros cursos para reforzar as aprendizaxes individuais de cada un deles, ademais da atención propia da diversidade.

Co obxecto de facilitar ao alumnado a superación da materia pendente, proporáselle un plan de traballo de acordo aos criterios de avaliación establecidos para o curso normal. Se superase dito plan de traballo, os profesores informarán á Xefatura de Departamento para que, a súa vez, informe á Xefatura de Estudos que dará por recuperada a materia pendente, mediante a acta correspondente firmada polo profesor que realizou a avaliación da recuperación.

Se non se superase a recuperación, o departamento didáctico realizará unha proba extraordinaria en maio e outra en setembro específica da materia pendente.

### 6.6. Criterios de cualificación. Coñecementos mínimos esixibles para unha avaliación positiva

Sobre un total de 10 puntos, realizarase a ponderación dos resultados obtidos polos distintos procedementos de avaliación do seguinte xeito:

- 1 Un 10 % (1 punto), corresponde aos contidos actitudinais: participación, espírito de superación, corrección na documentación proporcionada (apuntes de aula) e na presentación de traballos, etc.
- 2 Un 30 % (3 puntos), correspondente ás láminas e traballos realizados a proposta do profesor.
- 3 Un 50 % (5 puntos) correspondente aos exámes e probas.
- 4 Un 10 % (1 punto), corresponderá a realización de actividades complementarias. Se non as houbera, este punto acumularase a nota correspondente a exercicios prácticos.

Son condicións indispensables o entregar os traballos marcados polo profesor, antes da avaliación, na data que se indique e, ademais, acadar un mínimo de 4 puntos sobre 10 na media de exames para poder aprobar a avaliación correspondente.

Os coñecementos mínimos indispensables para superar o curso con avaliación positiva quedan marcados polos criterios de puntuación mencionados anteriormente para cada Bloque Temático, e ademais, superar todos os bloques temáticos nos que se divide a materia.

### 6.7. Avaliación da programación

As referencias temporais para avaliar as programacións son as seguintes:

- 1 Seguimento das programacións nas reunións programadas do departamento: o seguimento das programacións é un punto incluído como fixo nas reunións ordinarias do departamento. Analízanse e valóranse nelas a adecuación da programación facendo as axeitadas modificacións por parte de cada docente segundo as continxencias de cada grupo.
- 2 Seguimento das programacións nas avaliacións: elabórase un informe por grupo no que constan as diferenzas coa programación de referencia xustificando as súas desviacións.
- 3 Seguimento das programacións na avaliación final de xuño: a continuación da avaliación de xuño elabórase un informe de seguimento da programación xustificando as desviacións acaecidas e facendo as propostas de modificacións, se proceden, para o seguinte curso.

### 6.8. Ponderación na avaliación das competencias clave

Este departamento acordou as porcentaxes que considera que se aportan pola materia de Debuxo Técnico na formación do alumnado, e son as seguintes:

Denominación da competencia clave			1º	2º
C1	CCL	Competencia en comunicación lingüística	12	10
C2	CMCCT	Competencia matemática, en ciencia e tecnoloxía	20	30
C3	CD	Competencia dixital	6	13
C4	CAA	Aprender a aprender	24	17
C5	CSC	Competencias sociais e cívicas	3	3
C6	CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	29	17
C7	CCEC	Conciencia e expresións culturais	6	10
			<b>100</b>	<b>100</b>



## Criterios para a adaptación das programacións no caso de docencia non presencial

A materia *EPVeA* ten un alto compoñente dun tipo de traballo onde a destreza manual xoga un papel moi importante nos distintos elementos do currículo, polo que un posible horizonte de docencia non presencial plantexaría a necesidade de reducir os “aprendizaxes imprescindíbeis” a aqueles elementos curriculares para os que a ensinanza telemática é mais doada. En *1ºESO* o espazo para desenvolver o proceso de ensinanza- aprendizaxe será o entorno virtual de aprendizaxe *E-Dixgal*. Para os cursos do segundo ciclo da *ESO* se dispón da *Aula Virtual* na web do centro. Os alumnos do primeiro ciclo dispoñen dun ordenador parsoal con todos os recursos necesarios para a ensinanza a distancia no que atinxe a unha parte importante do currículo. Para todos os cursos da *ESO* os dous eixos que deben artellar unha posible docencia non presencial serán a atención a diversidade e a posible fenda dixital que afecte negativamente o proceso de aprendizaxe de determinado alumnado.

### A.1. Aprendizaxes imprescindíbeis

A continuación se determinan aqueles aprendizaxes considerados imprescindíbeis (se sinalan as unidades didácticas que desenvolven os estándares de aprendizaxe que se consideran esenciais) para a adquisición das competencias clave, para o cal trátanse de desenvolver tarefas globais que requiran a posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, actividades que favorezan o auto-aprendizaxe, o pensamento crítico, a investigación mediante proxectos.

*EPVeA-1ºESO:*

#### **Bloque temático 1: Expresión Plástica:**

UD 1. O punto, a liña e o plano.

UD 2. A cor. Técnicas da cor.

#### **Bloque temático 2: Comunicación audiovisual:**

UD 4. A percepción visual. A comunicación visual e audiovisual. A imaxe.

UD 5. Imaxe fixa e en movemento: a fotografía e o comic. O cine e a animación.

#### **Bloque temático 3: Debuxo Técnico:**

UD 7. Trazados xeométricos.

UD 8. Formas poligonais.

*EPVeA-3ºESO:*

#### **Bloque temático 1: Expresión Plástica:**

UD 1. Punto, liña e plano.

UD 2. A cor.

UD 3. A composición.

### **Bloque temático 2: Comunicación audiovisual:**

UD 5. A percepción visual. A comunicación visual e audiovisual. A imaxe.

UD 6. A fotografía. A publicidade. O comic. O cine. Multimedia.

### **Bloque temático 3: Debuxo Técnico:**

UD 7. Formas poligonais. Tanxencias básicas. Curvas técnicas.

UD 9. Sistemas de representación.

## **A.2. Procedementos e instrumentos de avaliación para a docencia non presencial**

A docencia non presencial implica que o proceso de ensinanza-aprendizaxe levarase a cabo por medios telemáticos e con un intercambio de información entre o profesor e o alumno en formato electrónico. Son moitas as dúbidas, debido a complexidade técnica destes procesos, que recaen sobre a autoría dos traballos desenvolto telemáticamente, o que fai xurdir inquedanza sobre un elemento esencial nun proceso de avaliación: a autoría do traballo desenvolto polo alumnado e polo tanto a equidade e obxectividade no proceso de avaliación. Do anterior se deduce ademais a dificultade para seguir e determinar de forma obxectiva o nivel competencial do alumnado.

Considerase como **instrumento avaliador** cos correspondentes **elementos avaliados**, os seguintes:

*Realización das actiidades de ensino-aprendizaxe:*

- Puntualidade e cumprimento de prazos de entrega.
- Orixinalidade e creatividade na solución.
- Busca e organización da información.
- Aproveitamento en xeral.

*Probas obxectivas:*

- Adquisición das competencias clave.
- Adquisición de conceptos.
- Orixinalidade e creatividade nos enfoques dos problemas.

No caso dun escenario de ensino **semipresencial**, trátanse de realizar as probas obxectivas (controles, exames, etc.) de forma presencial, así como o maior número de tarefas nas que se basearía a avaliación do alumnado.

## **A.3. Criterios de cualificación. Coñecementos mínimos.**

Aplicaranse os mesmos criterios establecidos na sección 6.6 desta programación para a ensinanza presencial, sen prexuízo de que cada profesor, en aplicación do principio de autonomía pedagóxica, estableza unhas condicións diferentes adaptadas ao alumnado, baseándose nas posibles incidencias da ensinanza telemática ou en adaptacións específicas de tipo curricular para atender da mellor forma posible o tratamento da diversidade.

#### A.4. Avaliación inicial. Tratamento da diversidade.

Cada profesor en cada curso e grupo realizará unha avaliación inicial co propósito de determinar o nivel competencial do seu alumnado naqueles elementos curriculares considerados fundamentais. Para este propósito realizaranse probas obxectivas, tipo test enquisas no aula, ou a obsevación do comportamento académico do alumnado nos primeiros días de clase. O profesorado, en función dos resultados desta análise, determinará aqueles aprendizaxes imprescindíbeis que proporcionarán un mellor aproveitamento do proceso de ensinanza-aprendizaxe para acadar as competencias clave, de cada alumno/a.

Prestarase especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención a diversidade que se poidan establecer.